



Xogade
DÚATLON
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina Web: www.deporteescolargalego.gal

A data de peche de inscrición é o 31 de xaneiro de 2019. Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPAS, agrupacións deportivas, escolas deportivas muni- cipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individuais e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculina e feminina).

3. CATEGORÍAS

Categoría BENXAMÍN feminina e masculina: nados nos anos 2010-2009.

Categoría ALEVÍN feminina e masculina: nados nos anos 2008-2007.

Categoría INFANTIL feminina e masculina: nados nos anos 2006-2005.

Categoría CADETE feminina e masculina: nados nos anos 2004-2003.

Os equipos poden estar compostos por un máximo de seis persoas (rapaces ou rapazas), e puntuarán os/as 3 mellores. *A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación, organizado pola Federación Galega de Triatlón, podendo participar deportistas con licenza federativa nados no ano 2002.*

4. DISTANCIAS A PERCORRER

CATEGORIAS			
Benxamín	500 m	2.000 m bicicleta	250 m
Alevín	1.000 m	4.000 m bicicleta	500 m
Infantil	1.500 m	6.000 m bicicleta	750 m
Cadete	2.000 m	8.000 m bicicleta	1.000 m

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Fase zonal

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete. Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás que se poden anotar todos os deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias, nas que clasificarán para a final provincial os/as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias individuais. Non haberá clasificación por equipos.

Campionato provincial

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete. Participarán os/as clasificados/as individuais nas fases previas e, de ter o número necesario de deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Clasificarán para a final galega os/as 8 primeiros/as individuais e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

No caso de que a participación no Campionato Provincial sexa inferior a 8, as prazas non cubertas para o Campionato Galego repartiranse proporcionalmente nas provincias de máis participación.

Non haberá invitacións.

Campionato Galego

O Campionato Galego será organizado pola Federación Galega de Triatlón.

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Participarán os/as 8 primeiros/as clasificados/as e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

6. REGLAS DA COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

Ciclismo

É obrigatorio o uso correcto do casco, e non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

7. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está disponible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

8. PREMIOS

Para o Campionato provincial o Servizo de Deporte da Coruña facilitará medallas para o 1º/1ª, 2º/2ª e 3º/3ª clasificado/a en cada categoría.

Na fase zonal, ao ser dúas probas clasificatorias para o Campionato provincial, non se entregarán medallas.

9. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación: www.fegatri.org

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.